

TORNEO PROVINCIAL PONTEVEDRA

BASES

Organizador do torneo:

Club Xadrez Fontecarmoa – Federación Galega de Xadrez

Datas: Sábado 19 e Domingo 20 de Xaneiro de 2019.

Lugar de xogo: Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa (a carón do Porto Deportivo).

Categorías:

Sub - 08 "Promesas": nados nos anos 2011 e posteriores.

Sub - 10 "Benxamíns": nados nos anos 2009 e 2010.

Sub - 12 "Alevíns": nados nos anos 2007 e 2008.

Sub - 14 "Infantís": nados nos anos 2005 e 2006.

Sub - 16 "Cadetes": nados nos anos 2003 e 2004.

Sub - 18 "Xuvenís": nados nos anos 2001 e 2002.

Absoluto / Senior: nados nos anos 2000 e anteriores.

Sistema de xogo:

Categorías Sub-8, Sub-10 e Sub-12: suizo a 8 roldas 30 min finish; aplicarase o apéndice G

Categorías Sub-14 e Sub-16: Suizo a 6 roldas 30 minutos +15 seg por movemento

Se aplicará el artículo A4 (partidas sin supervisión adecuada)

Categorías Sub-18 e Absoluta: suizo a 6 roldas 45 min + 15 seg por movemento

**Posibilidade de modificar o número de roldas segundo o número de inscritos. A organización está obrigada a anunciar calquera cambio con 48 horas de antelación na web www.fegaxa.org*

Calendario de competición:

Categorías Sub-8, Sub-10 e Sub-12

Rolda 1	Sábado	19	16:00
Rolda 2	Sábado	19	17:00
Rolda 3	Sábado	19	18:00
Rolda 4	Sábado	19	19:00
Rolda 5	Domingo	20	16:00
Rolda 6	Domingo	20	17:00
Rolda 7	Domingo	20	18:00
Rolda 8	Domingo	20	19:00

Categorías Sub-14 e Sub-16

Rolda 1	Sábado	19	16:00
Rolda 2	Sábado	19	17:30
Rolda 3	Sábado	19	19:00
Rolda 4	Domingo	20	16:00
Rolda 5	Domingo	20	17:30
Rolda 6	Domingo	20	19:00

Categorías Sub-18

Rolda 1	Sábado	19	16:00
Rolda 2	Sábado	19	18:00
Rolda 3	Domingo	20	10:00
Rolda 4	Domingo	20	12:00
Rolda 5	Domingo	20	16:00
Rolda 6	Domingo	20	18:00

Categorías Absoluta

Rolda 1	Sábado	19	12:00
Rolda 2	Sábado	19	16:00
Rolda 3	Sábado	19	18:00
Rolda 4	Domingo	20	10:00
Rolda 5	Domingo	20	12:00
Rolda 6	Domingo	20	16:00
Rolda 6	Domingo	20	18:00

Inscricións: Ata as 20:00 horas do día 16 de xaneiro en torneos@cxfontecarmona.com indicando nome, apelidos, categoría e Club. Poderán participar os xogadores federados na tempada 2019 en clubs da provincia de Pontevedra e que teñan nacionalidade española, bandeira deportiva FIDE española e ser seleccionables por Galicia.

Poderanse solicitar byes sen puntos antes da primeira rolda. Os solicitados posteriormente requirirán consentimento arbitral.

Desempates: Buchholz brasileiro, Buchholz total, Progresivo e APRO (media do performance dos rivais). De persistir o empate decidirase o mellor de dúas partidas a disputar a ritmo rápido de cinco minutos, sorteando os cores na primeira; e se continua o empate un Armagedón con 6 minutos para as brancas e 5 minutos para as negras.

As partidas non disputadas computarán na modalidade de rival virtual a efectos de Buchholz.

Inicio das partidas: á hora indicada para o inicio da sesión, poranse en marcha os reloxos dos xogadores que teñan pezas brancas. O tempo permitido de retraso é ata a caída de bandeira.

Director do Torneo: Angel Francisco Vilas Fernández.

Arbitro principal: Al Evaristo Rodríguez López. Torneo Absoluto y Sub-18.

Árbitros auxiliares:

- AA Christian Abal Cores. Torneo categoría Sub-16.
- AA Martín García Paz. Torneo categoría Sub-14.
- AB Manuel Suárez Vallejo. Torneo categoría Sub-12.
- AB José Joaquín Leal Montáns. Torneo categoría Sub-10.
- AB Roberto Vidal Valtuille. Torneo categoría Sub-8.

Premios: para os tres primeiros clasificados e a primeira clasificada de cada categoría. Os premios son acumulativos.

Obsequios: recordos por participar a todos os xogadores que finalicen o torneo, ca colaboración da **CONCELLERIA DE CULTURA e DEPORTES RODAS**.

Clausura: ás 20:30 horas do domingo no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

Aceptación: os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN , a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á la totalidade dos usos que poidan ter os videos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

Esta autorización pode ser revocada en cualquier momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentimento, non terá carácter retroactivo.